



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural.

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA DA ZONA DE REESTRUCTURACIÓN PARCELARIA DE OLEIROS (SILLEDA-PONTEVEDRA)

Xuño 2019



Xacobeo 2021

galicia



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural.

ÍNDICE



Xacobeo 2021

galicia



ÍNDICE

1. **MEMORIA**

- 1.1.- Antecedentes.
 - 1.1.1.- Principais elementos ambientais do contorno.
- 1.2.- Situación actual dos cultivos e aproveitamentos, así como das estruturas das explotacións agrarias.
 - 1.2.1.- Situación actual dos cultivos e aproveitamentos.
 - 1.2.2.- Situación das estruturas das explotacións agrarias.
 - 1.2.3.- Situación das estruturas das explotacións forestales.
- 1.3.- Uso da superficie agraria e forestal.
- 1.4.- Diferentes usos das terras incluídas no proceso.
 - 1.4.1.- Criterios técnico-agronómicos.
 - 1.4.2.- Criterios económicos e sociais.
 - 1.4.3.- Estrutura da produción.
 - 1.4.4.- Comercialización da produción.
 - 1.4.5.- Producións diferenciadas.
- 1.5.- Determinación das orientacións prioritarias e das dimensións mínimas.
 - 1.5.1.- Áreas de ordenación preferente e sen aptitude específica.
- 1.6.- Normas técnicas específicas dos novos predios de substitución.
 - 1.6.1.- Normas técnicas.
 - 1.6.2.- Circunstancias de tipo xeral.
 - 1.6.3.- Localización dos terreos pertencentes á mesma explotación..
 - 1.6.4.- Deducións.
- 1.7.- Efectos e Vixencia do Plan.

2. **PLANOS**

- Plano nº 1.- Plano de Situación.
 - Plano Xeral da Zona con distribución de polígonos.
- Plano nº 2.- Situación inicial distribución clases de terra.
- Plano nº 3.- Plan de ordenación.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural.

MEMORIA



Xacobeo 2021

galicia

1.- MEMORIA


1.1.- Antecedentes.

O Diario Oficial de Galicia nº 131 de data 14 de xullo de 2015 publica a Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (Metaga), que no seu artigo 20 determina a necesidade de redactar un Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria (Popeva) de acordo co definido no artigo 4.21 da citada lei, que deberá redactarse e aprobarse previamente á aprobación das bases. Este Plan pretende que o resultado da reestruturación parcelaria supoña non só unha mellora dimensional das explotacións, senón unha auténtica ordenación dos usos agrarios, de forma que se mellore a súa viabilidade técnica, económica e social.

O BOE número 234 do 30 Setembro de 1969 publica o Decreto 2145/1969 do 16 de Agosto, polo que se declara de utilidade pública a concentración parcelaria da zona de Oleiros (Pontevedra).

O perímetro a concentrar comprende as terras adicadas a labradío, prado e monte da parroquia de Oleiros (Silleda).

Segundo os datos do IGE, no ano 2017 na parroquia de Oleiros había un total de 96 habitantes dos que 48 eran homes e 48 mulleres. No seguinte gráfico pódese ver a evolución dos últimos 17 anos.





Esta poboación distribúese por lugares como segue:

LUGAR	HAB.
LAXE	26
MARZA	4
OLEIROS	20
PAZOS	27
PENA DO CAMIÑO	8
VILANOVA	11
TOTAL	96



Os lindes da zona son os indicados a continuación:

NORTE: Parroquia de Cortegada (Santa María)

SUR: Parroquia de Barcia (Santo Estevo) y Parroquia de Laro (San Salvador)

ESTE: Parroquia de Anseán (Santiago)

OESTE: Parroquia de Refoxos (San Paio)




O referido perímetro responde ós seguintes datos:

Superficie: 255,8215 ha

Nº de parcelas: 1.705


Nº de propietarios: 192



1.1.1.- Principais elementos ambientais do contorno.

Clima: Para a caracterización climática tomáronse como referencia os datos obtidos nas estacións meteorolóxicas de Mouriscade e Mouriscade-A. O tipo climático presente na zona de reestruturación é mediterráneo marítimo fresco segundo a clasificación de Papadakis. A temperatura media anual no concello de Silleda é de 11,7°C, cunha temperatura media das mínimas no mes máis frío de 1,37°C e unha temperatura media das máximas no mes máis cálido de 32,06°C. A duración do período seco é de 2,5 meses. As precipitacións caen abruptamente o final da primavera recolléndose no trimestre xuño – xullo - agosto tan solo o 8 % das precipitacións anuais, obténdose o valor máis baixo no mes de Xullo que apenas recibe o 2% das mesmas.

Xeoloxía: A zona de concentración está encadrada na parte nordés da Folla de Cercedo (153) do Mapa Xeolóxico de España E. 1:50.000, e dentro da unidade do "Dominio do Lalín".



Na zona de estudo hai dúas unidades ben diferenciadas: na de maior altitude o Granito de dúas micas de grao fino a medio (27,73%) correspondendo con escaseza de vexetación e onde o arqueólogo atopou os petróglifos, e xistos micáceos que supoñen o 71,79 % e correspóndense coa zona de menor altitude, onde están os núcleos de poboación.

Dende o punto de vista xeolóxico, a zona de estudo localízase na zona denominada "Galicia media-Tras os Montes" que, pola natureza dos seus materiais, non puido ser datada paleontoloxicamente ata o momento. Litolóxicamente e estruturalmente pertence o Dominio da Unidade de Lalín, constituído predominantemente por anfibolitas, ortogneises, rochas calcosilicatadas e metasedimentos con grandes cristais de feldespatos.

- Metasedimentos: comprende xistos e paragneises da Unidade de Lalín que se atopan intercaladas frecuentemente por orto e paraanfibilas. Os paragneises son de dous tipos principais: un gran fino, equigranular, masivo e con porfiroblastos de plaxioclasa e, en xeral, de cor escura e aspecto ocelado. Estes gneises son de dúas micas con minerais do grupo do granate e andalucita e estauroлита. Dentro dos xistos e paraganeises é frecuente atopar pequenos lentellóns de escala centimétrica e decamétrica de rochas calcosilicatadas.
- Rochas plutónicas (granito de dúas micas): o corpo principal forma un afloramento cunha dirección aproximada N-S e é discordante con tódalas series

nas que encaixa. A composición principal consta de cuarzo, feldespato potásico, plaxioclasa, moscovita e biotita, mentras que entre os minerais accesorios principais encóntranse o apatito, a sillimanita e o granate.

Hidroloxía: a rede hidrolóxica está formada polo río Deza que bordea o lado Este da zona de estudo, complétana pequenos regatos que van desembocar nel.

Edafoloxía: Na zona de estudo so existen dous tipos de solos:

Solos desenvolvidos sobre xistos e paragneises da Unidade de Lalín.

Os materiais xistosos e paragnéisicos da Unidade de Lalín encóntranse profundamente alterados, o cal fai que case a totalidade dos solos presenten perfís ABC ben desenvolvidos. A vexetación, nas áreas non cultivadas, está constituída por masas de bosques de piñeiros e soamente bordeando as marxes dos ríos aparecen chopos, ameneiros e algún carballo.

O horizonte A é de tipo Úmbrico, profundo, de cor marrón escura ou máis clara cando é un Ap. A estrutura acostuma a ser débil ou moi débil, migaxosa media, aínda que pode tender a formar bloques cando o contido en arxila é elevado. A súa textura é franca ou franco-areosa. O límite cos epipedóns é neto, sen embargo o paso ó horizonte C frecuentemente é gradual.

Das bases de cambio a maioritaria é o calcio, seguido do potasio. Sen embargo, mentres que os valores de calcio mantéñense case constantes, o potasio diminúe coa profundidade, ó contrario do sodio. A actividade do aluminio libre é máxima na superficie e os valores de fósforo son baixos.

Solos desenvolvidos sobre granitos de dúas micas.

O grao de desenvolvemento destes solos é xeralmente escaso, presentando perfís de tipo AR ou AC, ás veces un B incipiente ou unha transición A/B. Só en puntos de acumulación o grado de diferenciación dos horizontes B é maior. A vexetación que domina a paisaxe é a de matogueiras baixas de toxos e de uces.

Os horizontes A acostuman a ser bastante profundos, agás en zonas de forte pendente ou con afloramentos rochosos. Son sempre de tipo Úmbrico ou Ócrico (por falta de espesor), con cores moi escuras: negra a marrón moi escura ou marrón grisácea moi escura. A estrutura é débil ou moi débil, migaxosa fina a moi fina e as texturas preferentemente franco-areosas. Os límites son sempre graduais e fanse sobre transicións A/B na maioría dos casos. A diferenza reside en cambios de tonalidade da

matriz, que acostuma a ser de cores máis claras, marrón amarelentas, e unha estrutura algo máis definida, migaxosa media. O límite coa saprolita é gradual.

Son solos fortemente desaturados en todo o seu espesor, con carácter ácido forte, que presentan cantidades moi baixas de calcio e magnesio. Neles a actividade do aluminio libre é elevada. Os niveis de fósforo asimilable son moderados, debido a que a rocha contén fluoroapatito.

A zona de estudo, seguindo ó esquema edafolóxico do Mapa de Clases Agrolóxicas do MAPYA, presenta as seguintes clases de solos conforme a clasificación americana (Soil Taxonomy-99) baseada nos caracteres taxonómicos dos perfíles:

- **Leptosol úmbrico/dístrico:** localízase na parte noroccidental, correspondendo coas zonas de maior altitude, ligados a materiais de difícil alteración como son os granitos ou os xistos cuarcíticos, sobre pendentes acusadas, aínda que ocasionalmente pódense atopar en zonas de moi suave inclinación.

Presentan un horizonte A que pode ser úmbrico ou ócrico, de moi escaso espesor, que descansa sobre a rocha consolidada ou a saprolita. A vexetación predominante nesta unidade é a de toxeira e uceira e, excepcionalmente, prados pacedoiros de alta montaña que son aproveitados durante o verán.

- **Umbrisol húmico:** Ocupan a maior parte da zona de estudo. Son solos que se desenvolven sobre paragneises da Unidade de Lalín, os granitos e granodioritas orientais.

Dominan as fases profundas sobre as superficiais e os solos son cultivados. O relevo é en xeral suave. Alí onde as terras non están cultivadas a vexetación é de monte baixo.

Vexetación e hábitats de interese comunitario:

A grandes trazos poderíase describir a zona de estudo pola presenza de monte alto de especies autóctonas na ribeira do río Deza e correntes de auga secundarias, o monte de piñeiros e eucaliptos e escaso quedando restrinxido a pequenos grupos, na parte montañosa predominan as matogueiras e as praderías atópanse en torno aos núcleos.

Distínguense por unha parte os hábitats naturais recollidos no Anexo I da Directiva Hábitats DC 92/43/CEE e por outra os hábitats antropoxénicos de interese ecolóxico.

HÁBITATS DO ANEXO I DA DC 92/43/CEE DO 21 DE MAIO DE 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e a flora silvestres. (*)

Hábitats prioritarios.

CÓDIGO	DEFINICIÓN
3	Hábitats de auga doce
32	Augas correntes – tramos de cursos de auga con dinámica natural e seminatural
3260	Ríos de pisos de planicie a montano con vexetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> e de <i>Callitricho-Batrachion</i>
Río Deza: vexetación riparia que depende da humidade do solo, polo que o curso do río determina a súa distribución.	

CÓDIGO	DEFINICIÓN
4	Breixeiras e matogueiras de zona temperada.
4020	Breixeiras secas europeas.
Persistindo como etapas seriais de degradación.	

CÓDIGO	DEFINICIÓN
6	Formacións herbosas naturais e seminaturais
64	Prados húmidos seminaturais de herbas alta
6410	Prados con molinias sobres substratos calcáreos, turbosos ou arxilolimónicos (<i>Molinion caeruleae</i>)
Medran en zonas turbosas, regatos e zonas hidrolóxicas en xeral. Testimoniais nun pequeno enclave.	

CÓDIGO	DEFINICIÓN
6	Formacións herbosas naturais e seminaturais
65	Prados mesófilos
6510	Prados pobres de sega de baixa altitude (<i>Alopecurus pratensis</i>, <i>Sanguisorba officinalis</i>)
Entre os lugares de Vilanova e A Malata.	

CÓDIGO	DEFINICIÓN
8	Hábitats rochosos e covas
82	Pendientes rochosas con vexetación casmofítica
8230	Rochedos silíceos con vexetación pioneira do <i>Sedo-Scleranthion</i> ou do <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
Colonizan solos esqueléticos de superficies rochosas.	

CÓDIGO	DEFINICIÓN
9	Bosques
91	Bosques da Europa temperada
91E0*	*Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> (Alno- Padion, Alnion incanae, Salicion albae)
Bosques riparios nos cursos dos ríos.	

CÓDIGO	DEFINICIÓN
9	Bosques
92	Bosques mediterráneos caducifolios



9230	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i>
Carballeiras ben conservadas. Valores naturais: Presenza de acivro (<i>Ilex aquifolium</i>) estritamente protexido pola Orde do 10 de decembro de 1984. Área de nidificación de aves rapaces (gabián (<i>Accipiter nisus</i>), miñado (<i>Buteo buteo</i>)).	

HÁBITATS ANTROPOXÉNICOS DE INTERESE ECOLÓXICO

CÓDIGO	DEFINICIÓN
	Agrosistemas
	Mosaico de cultivos e pastizais
Valores naturais: Área vital da ameazada rula (<i>Streptopelia turtur</i>).	

Paisaxe:

Compoñentes

A paisaxe tradicional da zona de concentración conformase en torno a dous factores principais:

- A xeomorfoloxía, caracterizada por dúas unidades ben diferenciadas. Por una parte os relevos que enmarcan a beira do río Deza, na parte Este da zona de estudo. E por outra o monte Chamor, no lado Oeste.
- A acción do home sobre a cuberta vexetal, que veu gañando terras para o cultivo e no último século para a produción forestal con piñeiros e eucaliptos.

Como consecuencia da interacción destes dous factores a paisaxe resultante está conformada por tres unidades ben diferenciadas.

- As veigas ao carón do río Deza, con vexetación de ribeira e carballeiras.
- Zona de maior altitude, correspondendo no Monte Chamor, con escaseza de vexetación e abundancia de rochedos.
- A zona intermedia onde se atopan os núcleos de poboación e as zonas de cultivo.

Intervisibilidade

A presenza de relevos importantes domina a compoñente visual ao Norte e o Oeste da zona de concentración dende o Sur, mentres que a chaira percíbese no sentido inverso.





Fraxilidade

A paisaxe actual podese dicir que non está moi deteriorada pola intensidade dos cambios de uso do solo, de agrario a forestal nas agras e veigas. Xa que os bosques de carballeiras están ben conservados, non existindo pinos nin eucaliptos mezclados e as plantacións de coníferas son escasas.

O proceso de concentración non incidirá notablemente na perda de calidade paisaxística debido a perfecta diferenciación das tres zonas anteriormente expostas.

Patrimonio cultural: Segundo o documento ambiental da zona de concentración de Oleiros (Silleda-Pontevedra) de 2008 no seu anexo 1 de Arqueoloxía, detállanse os elementos patrimoniais identificados en dita zona, que se reflicten na táboa que se expón a continuación pertencente ao mencionado anexo.

ELEMENTOS PATRIMONIALES IDENTIFICADOS			
Clave	Nome	Tipo de Evidencia Tipoloxía	Adscripción cronocultural
CPOS08-01	<i>Castro de Orelas-GA27052060</i>	Xacemento/Asentamento fortificado	Idade do Ferro-Época Romana
CPOS08-02	<i>Pazo de Marza</i>	Arquitectura Civil/ Pazo	Idade Moderna
CPOS08-03	<i>Casa popular de Marza</i>	Arquitectura Civil/ Casa popular	Idade Contemporánea
CPOS08-04	<i>Muíño do Cachofeiro</i>	Elemento Etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Contemporánea
CPOS08-05	<i>Igrexa de S. Miguel</i>	Arquitectura Relixiosa/ Lugar cultural	Idade Media
CPOS08-06	<i>Cruz da Igrexa</i>	Elemento Etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Moderna-Contemporánea
CPOS08-07	<i>Casa Grande da Casanova</i>	Arquitectura Civil/ Casa Grande	Idade Moderna-Contemporánea
CPOS08-08	<i>Túmulo de Valbudín</i>	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final-Idade do Bronce
CPOS08-09	<i>Castro Montaz/Eira dos Mouros</i>	Xacemento/Asentamento fortificado	Idade do Ferro-Época Romana
CPOS08-10	<i>Petroglifo de Laxe 2-GA36052064</i>	Xacemento/Gravado rupestre	Idade Moderna
CPOS08-11	<i>Petroglifo de Pena das Cazolas-GA36052058</i>		Idade do Bronce
CPOS08-12	<i>Petroglifo de Chao de Petos 2-GA36052067</i>		Idade do Bronce





ELEMENTOS PATRIMONIALES IDENTIFICADOS			
Clave	Nome	Tipo de Evidencia Tipoloxía	Adscripción cronocultural
CPOS08-13	<i>Mámoa de Chao de Petos 1- GA36052059</i>	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final-Idade do Bronce
CPOS08-14	<i>Petroglifo de Chao de Petos 1- GA36052069</i>	Xacemento/Gravado rupestre	Idade do Bronce
CPOS08-15	<i>Petroglifo de Laxe 1-GA36052111</i>	Xacemento/Gravado rupestre	Idade do Bronce
CPOS08-16	<i>Petroglifo de Laxe 1-GA36052111</i>	Xacemento/Túmulo funerario	Neolítico Final-Idade do Bronce
CPOS08-17	<i>Casa de Benito Grande</i>	Arquitectura Civil/ Casa Grande	Idade Moderna
CPOS08-18	<i>A Brea-REF.</i>	Referencia/Posible mosteiro	Indeterminado
CPOS08-19	<i>Muíño da Casanova</i>	Elemento Etnográfico/ Construción adxectiva	Idade Contemporánea
CPOS08-20	<i>Muíño Relo</i>		
CPOS08-21	<i>O Muíño</i>		
CPOS08-22	<i>Muíño Novo</i>		
CPOS08-23	<i>Pena da Retorta-REF.</i>	Referencia/ Abrigo natural	Indeterminado
CPOS08-24	<i>Castro da Devesa/ Castro da Casanova</i>	Xacemento/Asentamento fortificado	Idade do Ferro-Época Romana

1.2.- Situación actual dos cultivos e aproveitamentos, así como das estruturas das explotacións agrarias.

A zona de San Miguel de Oleiros é de pequena dimensión superficial, non obstante afecta a un número elevado de propietarios e explotacións.

O número de propietarios implicados no procedemento de reestruturación é de 190, que aportan unha superficie media de 13.670 m² e unha media de 8,97 parcelas por propietario.





1.2.1.- Situación actual dos cultivos e aproveitamentos.

Na zona distínguense dous aproveitamentos por este orde de importancia: agrario e forestal.

As zonas agrarias están destinadas preferentemente á produción forraxeira e pradeiras como base da sustentación da gandería da zona.

- A maior parte da superficie está ocupada por herba en verde, millo-gran para gando en réxime de autoconsumo e millo forraxeiro.
- O cultivo de horta, principalmente orientado ó autoconsumo familiar, atópase en parcelas de núcleo rural.
- En canto á zona forestal as especies presentes son o carballo, castiñeiro, especies de ribeira entorno ós cursos fluviais, e piñeiro.

CLASES DE SOLO		
	CLASE	VALOR (PUNTOS)
1L	PRIMEIRA LABRADÍO	100
2L	SEGUNDA LABRADÍO	90
3L	TERCEIRA LABRADÍO	85
4L	CUARTA LABRADÍO	77
5L	QUINTA LABRADÍO	70
1P	PRIMEIRA PRADO	100
2P	SEGUNDA PRADO	90
3P	TERCEIRA PRADO	87
4P	CUARTA PRADO	77
5P	QUINTA PRADO	67
6P	SEXTA PRADO	60
1M	PRIMEIRA MONTE	60
2M	SEGUNDA MONTE	50
3M	TERCEIRA MONTE	38
4M	CUARTA MONTE	30
5M	QUINTA MONTE	20
6M	SEXTA MONTE	6
B	BALDÍO	2
Ed	EDIFICADO	0
I	IMPRODUTIVO	0
2LNR	SEGUNDA LABRADÍO NÚCLEO RURAL	90
3LNR	TERCEIRA LABRADÍO NÚCLEO RURAL	85
3PNR	TERCEIRA PRADO NÚCLEO RURAL	87
4PNR	CUARTA PRADO NÚCLEO RURAL	77
5PNR	QUINTA PRADO NÚCLEO RURAL	67
1MNR	PRIMEIRA MONTE NÚCLEO RURAL	60
3MNR	TERCEIRA MONTE NÚCLEO RURAL	38
4MNR	CUARTA MONTE NÚCLEO RURAL	30
5MNR	QUINTA MONTE NÚCLEO RURAL	20
INR	IMPRODUTIVO NÚCLEO RURAL	0



1.2.2.- Situación das estruturas das explotacións agrarias.

Na zona de reestruturación parcelaria de Oleiros, segundo datos do Servizo de Gandería, existen un total de 22 explotacións gandeiras.

Entre as explotacións gandeiras que precisan base territorial destacan as explotacións de bóvidos, especialmente as de produción de leite.

BÓVIDOS

Das 19 explotacións de bovino existentes na campaña de saneamento do 2018, 18 destínanse á comercialización e o resto ao autoconsumo. Das destinadas á comercialización de produtos, 15 están especializadas na produción de leite e 3 na produción de carne. Teñen un peso notablemente maior as explotacións de leite que as de carne.

Subclasificación zootécnica	Autoconsumo	N.º de explotacións
Rep. CARNE	Non	3
	Si	1
Rep. Producción LEITE	Non	15
Totais		19

EQUIDOS

Subclasificación zootécnica	Autoconsumo	Nº de explotacións
Explotacions non comerciais	Non	1
Reproducción para silla	Non	0
Totais		1


OVINO/CABRÚN

Subclasificación zootécnica	Autoconsumo	Nº de explotacións
Rep. Carne	Non	1
Totais		1

PORCINO

Subclasificación zootécnica	Autoconsumo	Nº de explotacións
Rep. Carne	Non	1
Totais		1

Na seguinte mapa reflíctese a situación das explotacións segundo a súa orientación.





1.2.3.- Situación das estruturas das explotacións forestales

MONTES

Os cultivos forestais presentes na zona de estudo están formados por escasas masas de piñeiros e eucaliptos illados. Predominan as frondosas autóctonas nun bo estado de conservación. As novas plantacións son maioritariamente do xénero *Quercus rubra*, preponderando nos últimos anos o emprego de *Pinus sylvestris*.

A pesar da pouca evolución da superficie forestal, no concello radican 13 industrias da madeira.

1.3.- Uso de la superficie agraria y forestal.

Considerando como de uso forestal toda aquela superficie que non esta a ser utilizada como produción de pasto ou forraxe para o gando ou para cultivos, a superficie incluída dentro do perímetro de reestruturación parcelaria distribúese como segue:

	AGROPEC	FORESTAL	CONSTRUCTIONS
TOTAL	1799554	727178	39099

Superficie en metros cadrados

A distribución por clases detállase no seguinte cadro.

CLASE	TOTAL
1L	103004
2L	508441
3L	293423
4L	151206
5L	26937
1P	60488
2P	160298
3P	186019
4P	147471
5P	78493
6P	26577
1M	20584
2M	73786
3M	145427
4M	238125
5M	133879
6M	91578

CLASE	TOTAL
B	5511
I	23372
2LNR	24603
3LNR	8204
3PNR	15818
4PNR	7884
5PNR	707
1MNR	646
3MNR	11410
4MNR	5863
5MNR	5880
INR	2581

(Superficie en metros cadrados)



No plano nº1 reflíctese a clasificación das terras seguindo un código de cores e tramas para distinguilas.

a) Superficie agraria útil.

Esta superficie estaría formada por aqueles predios cuxas características naturais, edafolóxicas, topográficas e aptitude agrolóxica, fan que deban ser preservados para un uso agrario.

Unha aptitude agrolóxica natural potenciada polas operacións reestruturadoras que levan a que sexan espazos dedicados exclusivamente a actividades agropecuarias resultando excluídos de calquera tipo de forestación.

A estas superficies seranlle de aplicación as prescricións que para o solo rústico de especial protección agropecuaria establece a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia que, expresamente, se refire aos terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que teña a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

As plantacións para a mellora da explotación agrícola ou gandeira consistentes en faixas cortaventos de ata 10 metros de largo e os bosquetes para a protección de gando de ata 500 m² non terán a consideración de plantacións forestais, polo que se poderán realizar en terreos de uso agrícola. En ningún caso se poderán empregar para tal fin plantas do xénero *Eucalyptus*.

b) Superficie forestal

Estas superficies, polas súas pendentes, condicións orográficas, topográficas, accesos dificultosos, usos habituais tipo, non son as mais idóneas para un aproveitamento agropecuario, con independencia de que tal uso ou actividade sexa posible neste tipo de solos, levando a cabo labores de acondicionamento importantes nos predios; neste tipo de solo permitiríase as actividades forestais, ao abeiro das autorizacións e coas limitacións que establece a lexislación vixente.

As superficies forestais seranlle de aplicación as prescricións que para os solos de especial protección forestal establece a lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e, en todo caso, a vixente lei de montes de Galicia.

Non teñen a consideración de monte ou terreo forestal os terreos rústicos de protección ordinaria destinados a cultivo agrícola nin os terreos rústicos de especial protección agropecuaria, sen prexuízo do cambio de actividade agrícola a forestal nos casos permitidos pola lexislación vixente.

Para garantir o desenvolvemento agrario da zona, na solicitude do interesado para cambiar a un uso forestal, débense avaliar criterios como usos tipo na zona, pendentes, demanda de terras por parte de explotacións existentes ou de nova creación ou investimentos realizados no plan de obras inherentes ao proceso reestruturador.

A efectividade do cambio de actividade agrario a forestal nesta zona, realizarase sempre logo do informe preceptivo, vinculante e favorable, do servizo de infraestruturas agrarias, sen prexuízo da aplicación que para tal actuación prevé a lei de montes.

De acordo co artigo 67.4 da Lei 7/2012, nestas áreas quedan prohibidas as reforestacións e novas plantacións intercaladas co xénero *Eucalyptus* naquelas superficies poboadas por especies do anexo 1 (frondosas autóctonas, piñeiro silvestre e teixo), mesmo con posterioridade ao seu aproveitamento ou a súa afectación por un incendio forestal.

No referente as distancias das plantacións no solo rústico de protección forestal, estarase ao disposto na lei 3/2007, do 9 de abril, de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia, Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia e demais normativa complementaria e de desenvolvemento.

1.4.- Diferentes usos das terras incluídas no proceso.

O Plan de Ordenación de Predios de Especial Vocación Agraria inclúe o establecemento e delimitación no conxunto da zona de reestruturación dos diferentes usos das terras incluídas, de acordo con criterios técnicos, agronómicos, económicos e sociais.

Coa finalidade de ampliar as explotacións existentes na parroquia e a posibilidade potencial de que se establezan outras novas, debemos tratar de recuperar e reservar determinadas masas de terras, que permitan manter e ata aumentar a superficie

agraria útil (SAU), para dedicalas a cultivos rendibles economicamente, co fin de establecer explotacións con suficiente base territorial para que sexan viables e rendibles, así como conseguir un asentamento progresivo de poboación moza na parroquia. Sería desexable que a superficie agraria útil de partida se puidese recuperar e ata aumentar nos casos en que fora rendible e posible a roturación de superficies de matogueira ou novas plantacións arbóreas.

1.4.1.- Criterios técnico-agronómicos

Nos criterios para a determinación dos diferentes tipos de produción deben terse en conta os seguintes criterios:

- Análise do lugar.
- Variedades para sementar.
- Control de pragas e enfermidades.
- Produtos culturais.
- Destrución de residuos de colleita.

Entre as prácticas culturais a considerar:

- Preparación do terreo.
- Sementeira.
- Variedades cultivadas.
- Control de maleza.
- Manexo da auga.
- Fertilizantes.
- Protección de cultivos.
- Densidade de sementeira.
- Manexo da planta.
- Enfermidades e pragas.

Nos criterios técnico agronómicos teremos en conta os factores que condicionan a súa produtividade:

- Posibilidade de mecanización e rega.
- Espazo para enraizamento.
- Resistencia a erosión.
- Duración do período vexetativo.
- Facilitade de labor.
- Dispoñibilidade de auga.
- Dispoñibilidade de nutrientes.



- Ausencia de toxicidades.

1.4.2.- Criterios económicos e sociais.

Sendo a base das explotacións existentes de carácter agrario, existindo unhas prácticas culturais arraigadas, unhas canles de comercialización establecidas e unha base territorial cunhas características agronómicas específicas, os usos das terras propostos pretenden aproveitar e ordenar as posibilidades de aproveitamentos rendibles.

1.4.3.- Estrutura da produción.

Comarcas	Cultivos herbáceos (Ha)					Cultivos leñosos (Ha)		
	Cereais gran	Cultivos forraxeiros	Tubérculos	Leguminosas gran	Hortícolas, flores e viveiros	Froiteiras	Castiñeiro	Viñedo
Baixo Miño, O	552	124	342	11	372	518	9	1.578
Caldas	893	133	164	56	128	48	88	1.172
Condado, O	651	154	199	20	176	166	39	1.273
Deza	1.174	20.484	530	36	629	265	392	226
Morrazo, O	174	80	105	13	135	204	11	360
Paradanta, A	111	60	54	7	125	96	26	822
Pontevedra	607	145	185	31	316	321	71	1.110
Salnés, O	1.128	138	827	32	579	152	17	3.464
Tabeirós-Terra de Montes	425	3.346	130	27	135	202	110	306
Vigo	759	295	433	42	637	338	45	1.832
PONTEVEDRA	6.474	24.960	2.969	275	3.230	2.308	809	12.144
GALICIA	40.772	284.107	19.348	2.111	15.852	12.083	24.459	24.795

Nesta táboa de distribución dos principais grupos de cultivo por comarcas do Anuario de Estatística Agraria do 2015, pódese comprobar que o que predomina na zona da Comarca do Deza son os cultivos herbáceos e dentro destes os cultivos forraxeiros son maioritarios.

Comarcas	Cereais gran (Ha)			Cultivos forraxeiros (Ha)				(Ha)
	Millo gran	Trigo	Outros cereais gran	Millo forraxeiro	Pradeiras	Col forraxeira	Outras forraxeiras	Prados
Baixo Miño, O	552	0	0	1	63	48	12	2.019
Caldas	885	7	1	31	33	40	29	2.777
Condado, O	651	0	0	10	25	99	20	1.849
Deza	757	381	36	4.297	15.944	119	124	14.302
Morrazo, O	174	0	0	1	0	69	10	497
Paradanta, A	110	0	1	0	1	50	9	4.240





Comarcas	Cereais gran (Ha)			Cultivos forraxeiros (Ha)				(Ha)
	Millo gran	Trigo	Outros cereais gran	Millo forraxeiro	Pradeiras	Col forraxeira	Outras forraxeiras	Prados
Pontevedra	603	0	4	1	13	105	25	5.021
Salnés, O	1.128	0	0	0	33	80	25	1.128
Tabeirós-Terra de Montes	397	28	0	922	2.345	54	25	6.753
Vigo	750	4	4	8	58	181	48	4.227
PONTEVEDRA	6.008	420	46	5.271	18.517	846	327	42.814
GALICIA	18.980	15.206	6.585	69.546	206.408	4.550	3.604	321.374

O cultivo forraxeiro máis abundante na comarca son as pradeiras seguidas do millo. Pódese apreciar que existen 15.944 ha de pradeiras e 4.297 ha de millo, que xunto cas 14.302 ha de prados son a base da produción agrícola ligada ás explotacións.

As principais producións agrarias da parroquia constitúenas as producións gandeiras, especialmente as explotacións de bóvidos, tanto de produción de carne como de leite. En menor medida as explotacións de carne de ovino/cabrún. Estas explotacións xunto cas explotacións de équidos precisan de base territorial produtora de forraxes.

As producións leiteiras son recollidas por centrais leiteiras e os xatos de recría adquiridos por cebadeiros para a súa posterior comercialización. A utilización de animais de razas autóctonas para a recría, a posibilidade de produción baixo a denominación de Ternera Gallega e as producións ecolóxicas permiten mellorar os rendementos das explotacións.

1.4.4.- Comercialización da produción.

Como consecuencia da pequena base territorial das explotacións agrarias da zona, cun alto grado de autoconsumo nos produtos de horta e de tubérculos, as canles de comercialización están moi diversificadas e xeográficamente próximas ó produtor.

Dentro das principais canles de comercialización están os mercados locais, as grandes superficies, os supermercados e tendas locais, así como centros e cooperativas de comercialización, que serán determinantes nas posibilidades de viabilidade económica das producións, e por tanto nas orientacións produtivas.

1.4.5.- Producións diferenciadas.

No establecemento dos diferentes tipos de cultivos debe perseguirse a consecución de obxectivos de calidade mediante producións diferenciadas que



compatibilicen as esixencias da sociedade ca produción agrícola e a protección do Medio Ambiente, con fin de obter rendementos sostibles e economicamente viables.

Control integrado

Combina métodos biolóxicos, culturais e químicos de forma compatible para obter un control satisfactorio e con consecuencias económicas e medioambientais favorables.

Inclúe:

- Loita química específica e respectuosa.
- Control biolóxico.
- Utilización de plantas sans e resistentes.
- Protección agrícola e medioambiental.

Produción integral

Os sistemas agrícolas de produción vexetal que utilizan o máximo os recursos e os mecanismos de produción naturais e aseguran a longo prazo una agricultura sostible, introducindo nela prácticas biolóxicas e químicas de control e outras técnicas que compatibilizan as esixencias da sociedade, a protección do medio ambiente e a produtividade agrícola.

Produción ecolóxica

Comprende as técnicas agrícolas que exclúen normalmente o uso de produtos químicos de síntese como fertilizante, praguicidas, antibióticos, co obxectivo de protexer o medio ambiente, mantendo ou incrementando a fertilidade do solo e proporcionar alimentos con todas as súas propiedades naturais.

1.5.-Determinación das orientacións prioritarias e das dimensións mínimas.

As orientacións prioritarias defínense coma aqueles cultivos ou aproveitamentos gandeiros ou forestais de maior idoneidade polas súas características agronómicas ou de adaptación ao tecido socioeconómico para impulsar explotacións agrarias técnica, económica e socialmente viables.

En base ós criterios técnicos agronómicos, económicos e sociais expostos anteriormente establécense os seguintes cultivos como orientacións prioritarias:

Cultivos forraxeiros e pratenses: establécese esta orientación produtiva como orientación prioritaria xa que as principais producións agrarias da parroquia constitúenas as producións gandeiras e estas explotacións precisan de base territorial produtora de forraxes e de pradeiras.

Para a determinación da superficie mínima da orientación prioritaria establecida (cultivos forraxeiros e pratenses) tómase como base a dimensión física establecida na *"ORDE do 16 de maio de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, para a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas, e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014_2020, e se convocan para o ano 2019 (códigos de procedemento MR405A, MR404A e MR405B)"*.

No noso caso farase o cálculo para explotacións de vacún de leite, que é a predominante na zona, establecéndose unha dimensión mínima admisible de 95000 kg/ano e establecendo unha produción media de 6500 kg/vaca e ano.

6500 kg/ano-----1 vaca

95000 kg/ano-----X vacas $X=95000/6500= 14,6$ vacas

Considerando unha carga gandeira máxima de 2UGM/ha,

2 vacas-----1 ha

14,6 vacas----X ha $X= 14,6/2= 7,3$ ha

En base ós cálculos anteriores determinamos unha **superficie mínima de 7,3 ha de cultivos forraxeiros e pratenses** para a orientación produtiva de vacún de leite.

1.5.1.- Areas de ordenación preferente e sen aptitude específica.

Para aquelas orientacións prioritarias sinaladas que teñan necesidades de condicións de localización específica por razóns técnico agronómicas, identificáranse e delimitáranse os terreos con maior aptitude, que terán a consideración de áreas de ordenación preferente.

Áreas de Ordenación preferente:

As áreas de ordenación preferente, son aquelas que posúen maior aptitude por razóns técnico-agronómicas. A orientación prioritaria descrita anteriormente ten requirimentos propios, para cubrir as necesidades de localización específica da orientación prioritaria definida (cultivos forraxeiros e pratenses).

Os solos dedicados a labradíos e prados e zonas de monte con posibilidades de mecanización, pero con risco de erosión moderado por pendente $\leq 10\%$, con profundidades intermedias o moderadas, con bo drenaxe das augas pluviais e en terreos saneados e non encharcadizos, que presenten orientación suroeste ou sureste son os máis óptimos para o establecemento de novas pradeiras.

As explotacións gandeiras con base territorial son a base da produción agraria da zona. Esta base territorial está moi fragmentada e presenta dificultades de acceso e mecanización derivada do tamaño dos predios. A escasa produción agrícola e de horta está orientada ó autoconsumo familiar e ó cebo para autoconsumo.

A produción de forraxes para gando vacún está baseada nas producións de herba en pradeiras artificiais ou en prados naturais. A produción dedícase ó autoconsumo das propias explotacións, mediante pastoreo e á produción de silos.

A climatoloxía propicia os cultivos forraxeiros baseados nas producións de herba. A produción mantense durante todo o ano, existindo dous períodos de picos produtivos que permiten a realización de ensilados:

- Setembro-novembro.
- Abril-xullo, de maior produción, no que se obteñen as principais reservas de ensilados para consumo invernal.

Deben establecerse os cultivos máis adecuados, introducindo cultivos alternativos con pradeiras para incrementar a produción final de forraxes e diminuíndo a incidencia de enfermidades e carencias en función da época do ano, a demanda dos animais presentes na explotación, superficie dispoñible, e establecéndose as adecuadas rotacións e follas de cultivo.

Áreas sen aptitude específica:

O resto dos terreos, así como as terras incluídas nas áreas de ordenación preferente non utilizadas como tales despois das atribucións dos predios de substitución, serán considerados áreas sen aptitude específica, e poderán ser adicados a calquera aproveitamento acorde cos usos autorizados.

Correspóndense con zonas nas que existen cultivos diversos, incluíndo áreas forestais e agrícolas, que pola súa pequena dimensión, situación ou características xeotopográficas non son adecuadas para definir como áreas de ordenación preferente, e que polo tanto son aptas para cultivos diversos.

Para a nosa zona non se considera preciso o establecemento de áreas de ordenación preferente, polo que toda a superficie obxecto de reestruturación será considerada como área sen aptitude específica.

1.6.- Normas técnicas específicas dos novos predios de substitución.

1.6.1.- Normas técnicas.

O obxectivo do proceso de reestruturación parcelaria, incide na mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solucións que favorecen a súa rendibilidade e que resultarán, segundo os casos, nun único predio uniforme ou en varios ben diferenciados.

Para o estudo da adxudicación das novas fincas, será necesario o coñecemento previo detallado da zona cas clases de terra que foron fixadas nas bases.

- Os predios de substitución deberán ser equivalentes en valor, para cada persoa titular, ás parcelas achegadas por esta, unha vez efectuadas as deducións xerais sinaladas no artigo 31 e, no caso de parcelas únicas, as recollidas no artigo 32 da lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia (Metaga).
- Para os efectos do deseño dos novos predios de substitución, serán consideradas como un único titular cada unha das explotacións, das agrupacións de titulares e das iniciativas agrarias de explotación en común.
Serán determinados xurídicamente e delimitados cartográficamente os predios de substitución que individualmente lle correspondan a cada partícipe e as servidumes prediais e as restantes cargas que, se é o caso, se establezan.
- Localizaranse nas áreas de ordenación preferente definidas neste plan, os predios de substitución correspondentes ás persoas titulares, explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común que cumpran os requisitos sinalados no artigo 21 da Metaga e que ratifiquen o compromiso de integración no plan a que fai referencia o artigo 28.

- No caso daquelas orientacións prioritarias que non ocupen áreas de ordenación preferente, o criterio de localización para as ditas explotacións, agrupacións e iniciativas será o de mellora obxectiva da viabilidade da unidade técnico-económica resultante.
- Nas zonas cualificadas como áreas sen aptitude específica, adoptaranse como criterios non vinculantes para a distribución dos novos predios de substitución a localización das parcelas achegadas e as melloras existentes nelas.
- Trasladaranse ós predios de substitución respectivos aqueles dereitos de plantación de viñado ou outros cultivos sobre parcelas achegadas á reestruturación parcelaria recoñecidos conforme a normativa vixente.
- Para a preparación do acordo de reestruturación parcelaria, as persoas titulares poderán poñer de manifesto, por escrito e de xeito razoado, as súas preferencias sobre a localización dos futuros predios de substitución, durante o prazo sinalado polo Servizo Provincial e determinado regulamentariamente. En ningún caso estas preferencias terán carácter vinculante nin condicionarán os resultados técnicos do proceso.

1.6.2.- Circunstancias de tipo xeral.

As circunstancias de tipo xeral son aquelas que se estiman máis importantes e que deben ser tidas en conta con carácter xeral:

- A compensación por clases de terra procurarase realizala entre clases próximas e en forma tal que o resultado de todas as compensacións sexa que a superficie total de cultivo adxudicada a un propietario non difira substancialmente da total achegada por este. Evitarase ademais a compensación das clases primeira e última.
- Para os efectos de compensacións poderase considerar a posible existencia de grupos de clases de terras, quedando definido cada grupo e en cada caso, por circunstancias diferentes. Unha circunstancia pode ser a aptitude cultural das distintas clases de terra, integrando neste caso en cada grupo aquelas clases que teñen análoga aptitude cultural. Dentro das clases comprendidas en cada grupo poderanse facer compensacións de certa importancia e maiores que as que se poidan realizar entre as clases de distinto grupo.
- Ós propietarios residentes en núcleos lindeiros procuraráselles facer as adxudicacións o máis próximas posibles ós devanditos núcleos lindeiros, dando a esta circunstancia primacía sobre todas as demais, das que normalmente poderá prescindirse para conseguir desta forma para estes propietarios una localización moito máis próxima á súa residencia que a que correspondía ás parcelas por eles achegadas.

- Ós pequenos propietarios residentes e cultivadores directos, procuraráselles adxudicar os terreos o máis próximos posibles á zona de núcleo rural, coidando especialmente a adxudicación que se lles faga xa que, aínda sen levar a cabo compensacións por clases de terra, a diferenza de calidade que poida existir entre as achegas e adxudicacións dunha mesma clase de terra nun propietario pequeno, poida dar lugar a que se lle ocasione un prexuízo de relativa importancia, feito que será máis difícil de darse nun propietario importante no que se compensarán normalmente estas desviacións de calidade das terras dunha mesma clase. Por iso, a súa adxudicación estudarase con sumo coidado en especial polo que se refire ás terras de mellor calidade, achegadas por estes.
- As superficies incluídas na reestruturación cuxo propietario sexa descoñecido, formarán unha unidade, constituíndose un lote de reemprazo equivalente ó conxunto das parcelas de tódolos propietarios descoñecidos.
- Masa Común: Os predios de substitución que se establecen cas terras da masa común son independentes das correspondentes ás parcelas de propietario descoñecido. A superficie destinada a masa común ten a finalidade principal de servir para a compensación derivada da estimación das reclamacións de superficie e das resolucións dos recursos.
Debe procurarse que estas fincas representen un mosaico das clases, distancias e, no seu caso, subperímetros establecidos.
As fincas de masa común polo tanto, deben estar constituídas por terras de calidade, para que poidan cumprir as finalidades para as que se establece a devandita masa común.

1.6.3.- Localización dos terreos pertencentes á mesma explotación.

- Dentro do perímetro da zona de reestruturación débese tratar de conseguir a mellora da estrutura territorial das explotacións, estudando para cada suposto as solucións que favorecen a súa rendibilidade, e a máxima redución posible no número de terreos para os efectos de cultivo, tal como se establece na lei de reestruturación parcelaria, segundo a cal a reestruturación procurará adxudicar contiguos os predios integrados nunha mesma explotación, aínda que pertencen a distintos propietarios.
- Para os efectos do deseño dos novos predios de substitución, serán consideradas como un único titular cada unha das explotacións, das agrupacións de titulares e das iniciativas agrarias de explotación en común, segundo a cal, sexa conveniente que o lote que se adxudique ó grupo estea constituído polo menor número posible de terreos. Ó estudar a adxudicación que ten que facerse a estes grupos, terase en conta a relación existente entre estes propietarios,

explotacións, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común ó efecto de ponderar axeitadamente co resto das circunstancias a ter en conta ó facer a adxudicación de fincas.

- Neste caso como en calquera outro, figurará a adxudicación independente que se fai a cada un dos compoñentes do grupo.
- Ó considerar, para os efectos de determinar a localización das novas fincas, ós integrantes da explotación, agrupacións e iniciativas de aproveitamento en común coma se fose un só, resultará que para cada un realizáranse compensacións por clases de terras superiores ás normais, así como tamén entre terras dun sector con terras de outro, pero deberá facerse isto de tal forma que a adxudicación feita ó grupo, sexa análoga á achega feita por este.
- Cando se trate de grupos nos que a relación sexa doutro tipo, como por exemplo, no caso dun cultivador-propietario, e á súa vez arrendatario de fincas pertencentes a outro propietario, será necesario normalmente estudar separadamente a adxudicación que se fai a cada un deles de tal forma que a equivalencia que se consegue sexa independente para cada un, pero sempre procurando que o número total de fincas que constitúen o lote adxudicado ó grupo, sexa o menor posible.

1.6.4.- Deducións.

- As achegas das persoas titulares afectadas polo proceso de reestruturación estarán sometidas a unha dedución máxima do 9 % do valor total en puntos, agás nos casos sinalados nos números 2 e 3 do artigo 31 da Metaga, co fin de contar ca superficie de terreo necesario para a execución das infraestruturas rurais á que fai referencia o número 2 do artigo 8 da Metaga, e para a compensación derivada da execución técnica do proceso.
- A dedución para infraestruturas rurais será como máximo do 6 % do valor total en puntos e afectará á totalidade das persoas titulares da zona na mesma proporción, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán por normas específicas.

Excepcionalmente, previo estudo razoado do Servizo Provincial, xunto co informe do Comité Técnico Asesor e oída a Xunta Local, a Dirección Xeral competente en materia de desenvolvemento rural poderá incrementar esa porcentaxe ata nun punto porcentual, que se engadirá ó máximo sinalado no punto anterior.

- A dedución para axuste técnico, que ten como destino a compensación técnica dos axustes entre achegas e atribucións e a súa eventual corrección, será como máximo do 3 % do valor total en puntos, e afectará de igual forma á totalidade das persoas titulares da zona, agás nos casos de parcelas únicas, que se rexerán por normas específicas, e no das explotacións, agrupacións e iniciativas sinaladas

no artigo 21 da Metaga, que terán como máximo una dedución do 2,5 % do valor total en puntos.

- No caso de parcelas únicas existentes antes da publicación do decreto de reestruturación ou con posterioridade á mesma, pero anteriormente á acta de inicio dos traballos, aplicaráselles as seguintes normas:
 - Ás parcelas únicas en que existan construcións destinadas a vivenda, pechadas ou non sobre si, pero con acceso a camiño público, non lles serán aplicables as normas xerais sobre deducións. No caso de que carezan de acceso a camiño público, aplicaráselles o desconto correspondente ás obras de infraestruturas rurais sinalado no artigo 31.2 da Metaga.
 - Ás parcelas únicas nas cales non existan construcións destinadas a vivenda aplicaráselles as seguintes deducións:
 - Parcelas nones pechadas sobre si: aplicaráselles as normas xerais sobre deducións.
 - Parcelas pechadas sobre si e con acceso a camiño público: non lles serán aplicables as deducións xerais.
 - Parcelas pechadas sobre si pero sen acceso a camiño público: aplicaráselles a dedución que para infraestruturas rurais se establecen.
- No caso de parcelas reservadas seranlles aplicables todas as deducións establecidas, agás as correspondentes ós axustes técnicos entre achegas e atribucións.
- No caso de parcela única e reservada, a redución que se lle aplique será a que corresponda ó suposto con menor dedución.

1.7.- Efectos e Vixencia do Plan.

Aquelas persoas que incumpran o previsto no plan incorren na comisión dunha infracción, incoándose o preceptivo expediente e podendo ser sancionados con multas económicas de contía variable, sen prexuízo de restituír a situación alterada ao seu estado primitivo.

Deberase ter en conta o procedemento sancionador en materia de lei de montes e normativa de prevención e defensa contra incendios forestais que poida resultar de aplicación.

O disposto neste plan debe entenderse sen prexuízo do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Igualmente sen prexuízo das competencias

municipais en materia de ordenación do territorio, clasificación e cualificación dos tipos de solo e determinación do réxime xurídico pormenorizado a eles aplicable.

As administracións municipais deben ter en conta á hora de elaborar os plans de ordenación do territorio os contidos do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, tendo en conta que una vez aprobado pola dirección xeral de desenvolvemento rural se comunicará obrigatoriamente ao concello ou concellos afectados.

Este plan rexerá en tanto os concellos non regulen os usos do solo a través do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). Non obstante o anterior, as administracións municipais, á hora de cualificar o solo deben ter en conta as prescricións do plan de ordenación de predios de especial vocación agraria, recolléndolas axeitadamente naqueles documentos de ordenación do territorio.

Pontevedra, Xuño 2019

O Director Técnico:

Visto e prace Xefa do Servicio
de Infraestruturas Agrarias:

D. Manuel Almansa Hermida
Enx. Técnico Agrícola

Dña. María José Pérez Gil



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL







GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural.

PLANOS






 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL		 GOBERNAMENTO DE GALICIA	 Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural.
PROXECTO: PROXECTO DE COLABORACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS PARA A REALIZACIÓN DOS ESTUDOS SOBRE A PREPARACIÓN DAS BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA E REDACCIÓN DO PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE OLEIROS. (SILLEDA-PONTEVEDRA)			
FASE: PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA			
CONCELLO / PROVINCIA: SILLEDA / PONTEVEDRA		ZONA: OLEIROS	
PLANO: PLANO DE SITUACIÓN. PLANO XERAL DA ZONA CON DISTRIBUCIÓN DE POLÍGONOS			
 Tragsat	DATA: XUÑO - 2019	ESCALA: VIARIAS	PLANO Nº: 1
DIRECTOR TÉCNICO DA ZONA: MANUEL ALMANSA HERMIDA		Visto e xera PEÇA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS: MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL	

Gama de Cores das diferentes Clases de Terras

Clase	Valor (Puntos)	Clase	Valor (Puntos)	Clase	Valor (Puntos)
PRIMEIRA LABRADIO	100	PRIMEIRA PRADO	100	PRIMEIRA MONTE	60
SEGUNDA LABRADIO	90	SEGUNDA PRADO	90	SEGUNDA MONTE	50
TERCEIRA LABRADIO	85	TERCEIRA PRADO	87	TERCEIRA MONTE	38
CUARTA LABRADIO	77	CUARTA PRADO	77	CUARTA MONTE	30
QUINTA LABRADIO	70	QUINTA PRADO	67	QUINTA MONTE	20
BALDIO	2	SEXTA PRADO	60	SEXTA MONTE	6
IMPRODUCTIVO	0			EDIFICADO	0
EXCLUIDO DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN				Superficie excluída ou non incluída	


Gama de Cores das diferentes Clases de Terras en el área del NÚCLEO RURAL ()

Clase	Valor (Puntos)	Clase	Valor (Puntos)	Clase	Valor (Puntos)
SEGUNDA LABRADIO	90	TERCEIRA PRADO	87	PRIMEIRA MONTE	60
TERCEIRA LABRADIO	85	CUARTA PRADO	77	TERCEIRA MONTE	38
IMPRODUCTIVO	0	QUINTA PRADO	67	CUARTA MONTE	30
EDIFICADO	0			QUINTA MONTE	20
Superficie excluída ou non incluída					



LEND

ESTRADA	
CAMIÑO	
SERVIDUME	
RIO	
TERRAPLEN	
MURO	
ARAMADO	
EDIFICACIÓNS	
LÍMITE PARCELA	
Nº / Nº	Nº POLIGONO / Nº PARCELA
	MESMA PARCELA
	LIÑA ELÉCTRICA BAIXA TENSIÓN
	LIÑA TELEFÓNICA
	LÍMITE DE CONCELLO
	LÍMITE DE PARROQUIA
	NÚCLEO RURAL
Nº	Nº POLIGONO
	LÍMITE POLIGONO



PROXECTO: PROXECTO DE COLABORACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS PARA A REALIZACIÓN DOS ESTUDIOS SOBRE A PREPARACIÓN DAS BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA E REDACCIÓN DO PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE OLEIROS. (SILLES-PONTEVEDRA)

FASE: PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA

CONCELLO / PROVINCIA: SILLES / PONTEVEDRA ZONA: OLEIROS


PLANO: SITUACIÓN INICIAL. DISTRIBUCIÓN CLASES DE TERRA

FECHA: XUNO - 2019 ESCALA: 1:3.500

Director Técnico: D. Manuel Álvarez Herrada Etn. Técnico Agrícola Dña. María José Pérez Gil

Proyección UTM: ETRS 89: Fuso 29

PLANO Nº: 2




LEND

	ESTRADA
	CAMIÑO
	SERVIDUME
	RÍO
	TERRAPLÉN
	MURO
	ARAMADO
	EDIFICACIÓNS
	LÍMITE PARCELA
	Nº / Nº
	Nº POLÍGONO / Nº PARCELA
	LÍMITE DE CONCELLO
	LÍMITE DE PARROQUIA

TIPOS USOS DAS TERRAS INCLUIDAS

	TERRAS USO AGROPECUARIO
	TERRAS USO FORESTAL





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural.

PROXECTO: PROXECTO DE COLABORACIÓN DE SERVIZOS TÉCNICOS PARA A REALIZACIÓN DOS ESTUDOS SOBRE A PREPARACIÓN DAS BASES DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA E REDACCIÓN DO PROXECTO DE CAMIÑOS PRINCIPAIS DA ZONA DE OLEIROS. (SILLEDA-PONTEVEDRA)

FASE: PLAN DE ORDENACIÓN DE PREDIOS DE ESPECIAL VOCACIÓN AGRARIA

CONCELLO / PROVINCIA: SILLEDA / PONTEVEDRA

ZONA: OLEIROS

PLANO: PLAN DE ORDENACIÓN

Tragsatec

DATA: XUÑO - 2019

ESCALA: 1:3.500

PLANO Nº: 3

DIRECTOR TÉCNICO DA ZONA: MANUEL ALMANSA HERMIDA

VISIÓ E DISEÑO XEIRA DO SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS: MARÍA JOSÉ PÉREZ GIL

Protección UTM: ETRS 89, Fuso 29